



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 11 DE DECEMBRO DE 2023**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:48 horas do día 11 de decembro de 2023, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 24.11.2023**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 24.11.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000013**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.12.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000013**

<b>OBXECTO:</b>	VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE PLANTA BAIXA
<b>PROMOTORES:</b>	



<b>CONSIDERACIONES URBANÍSTICAS:</b>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	Solo de Núcleo Rural Solo de Núcleo Rural Común
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	118.644,29 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Proxecto Básico e de Execución de Vivenda Unifamiliar. Visado COAG 22/06/2023 Data documento: Xuño 2023
<b>TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:</b>	Diego Martinez Aneiros, Arquitecto Colexiado COAG 5.150
<b>TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS:</b>	Diego Martinez Aneiros, Arquitecto Colexiado COAG 5.150
<b>DIRECTOR EXECUCIÓN:</b>	Diego Martinez Aneiros, Arquitecto Técnico Colexiado COAATAC 3.091
<b>COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Diego Martinez Aneiros, Arquitecto Técnico Colexiado COAATAC 3.091
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, autorizando as obras, con data 11.09.2023 (nº expediente 2013/23). - Resolución do Servizo de vías e obras da Diputación de A Coruña, autorizando as obras para construción de vivenda unifamiliar, peche e conexión de servizos, con data 25.08.2023 (nº expediente 2023000014900). - Resolución da Dirección de Augas de Galicia, recoñecendo o dereito ao uso privativo do aproveitamento para o abastecemento de Auga, con data 15.11.2023 (nº expediente: DH.B15.95565).
<b>NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:</b>	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
<b>CESIÓN DE VIAIS:</b>	Documento asinado con data 29.11.2023 (67,79 m <sup>2</sup> )
<b>CONDICIONADO:</b> (segundo o informe técnico de data 22.11.2023)	<b>CONDICIÓNS PARTICULARES:</b> - Cumprirose o condicionado da/s autorización/s sectoriais. - Deberá executarse a costa do promotor a conexión cos servizos existentes e urbanización. O prazo de execución non excederá de tres meses dende a terminación da edificación e xustificárase antes da primeira ocupación. - A parcela non dispón de redes de servizo de auga polo que se resolve por medios individuais ao cargo do promotor/a, coa condición do compromiso de conexión cando se implanten os servizos.  <b>CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020</b>

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico favorable por parte do Arquitecto Técnico Municipal en data 22.11.2023.
- Visto o informe xurídico de lexislación e procedemento aplicable da Técnico de Administración Xeral de data 01.12.2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 22.11.2023

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2023-56

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.12.2023, que literalmente di:

“Expediente: 2023/G006/000333

Asunto: Aprobación da relación de facturas F-2023-56

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F-2023-56 seguinte:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/3062	532/2023	09/10/2023	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS E BENESTAR	CONFINANCIAMENTO ESCOLA INFANTIL - 2ª LIQUIDACION 2023 (52 plazas x 450€/plaza)	3231	45100	23.400,00 €
F/2023/3070	23 668	31/10/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE OCTUBRE DE 2023	1621	22700	39.873,76 €
							<b>TOTAL</b>	<b>63.273,76 €</b>

Visto o informe emitido CON REPARO de Intervención de data 05.12.2023, no que se fiscaliza con reparo a factura seguinte:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/3070	23 668	31/10/2023	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA	1621	22700	



				GALEGOS SLU	MES DE OCTUBRE DE 2023			39.873,76 €
--	--	--	--	-------------	------------------------	--	--	-------------

Visto do Decreto de Alcaldía número 612/2023 de data 05.12.2023 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2023, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F-2023-56 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do vixente Orzamento Municipal exercicio 2023, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 63.273,76 euros.

**SEGUNDO.-** Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 63.273,76 euros.

**CUARTO.-** Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita



#### 4. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL G70478706

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000321

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL G70478706.

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL G70478706.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL G70478706.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 886,40 € correspondente á subvención destinada a actividades e 340,95 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### 5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE CEDEIRA-CERDIDO CON NIF G15132459

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000324



**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE CEDEIRA-CERDIDO con NIF G15132459.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE CEDEIRA-CERDIDO con NIF G15132459.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE CEDEIRA-CERDIDO con NIF G15132459.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.109,42 € correspondente á subvención destinada a actividades e 402,13 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EJERCICIO 2023. ASOCIACION DE VECIÑOS E AMIGOS DE SAN ROMAN CON NIF G70567714**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000325

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACION DE VECIÑOS E AMIGOS DE SAN ROMAN con NIF G70567714.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**



Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION DE VECIÑOS E AMIGOS DE SAN ROMAN con NIF G70567714.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION DE VECIÑOS E AMIGOS DE SAN ROMAN con NIF G70567714.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención 886,40 € correspondente á subvención destinada a actividades e 340,95 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CLUB DISCALZAS SD CON NIF G70529409**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000326

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. CLUB DISCALZAS SD con NIF G70529409.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo CLUB DISCALZAS SD con NIF G70529409.



Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada polo CLUB DISCALZAS SD con NIF G70529409.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.200,00 € correspondente á subvención destinada a actividades, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURALS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO CON NIF G15232507**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000328

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO con NIF G15232507.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO con NIF G15232507.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola AAVV SAN XULIAN DE MONTOXO con NIF G15232507.





**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 546,00 € correspondente á subvención destinada a actividades e 309,95 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAI DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACIÓN LOCAL DE AMAS DE CASA DE CEDEIRA Y DEL CONSUMO FAMILIAR CON NIF G70514534

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000329

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. Asociación local de amas de casa de Cedeira y del consumo familiar con NIF G70514534.

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Asociación local de amas de casa de Cedeira y del consumo familiar con NIF G70514534.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación local de amas de casa de Cedeira y del consumo familiar con NIF G70514534.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 999,21€ correspondente á subvención destinada a actividades e 384,34€ correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.



**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CEDEIRA TENIS CLUB CON NIF G70440433**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000331

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrncia competitiva para clubes e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. CEDEIRA TENIS CLUB con NIF G70440433.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubes e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo CEDEIRA TENIS CLUB con NIF G70440433.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada polo CEDEIRA TENIS CLUB con NIF G70440433.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.825,63 € correspondente á subvención destinada a actividades e 661,73 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO**



## CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA CON NIF G70405733

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000332

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 151/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de decembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION MAIORES DE CEDEIRA con NIF G70405733.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 189,51 € correspondente á subvención destinada a actividades e abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 577/2023 DO 20.11.2023 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2024**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 577/2023 de data 20.11.2023, que di:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2024**



Vista a Convocatoria do programa de limpeza de praias dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2024, publicada no BOP núm.194 do 10 de outubro de 2023.

Tendo en conta a necesidade de contratar unha cuadrilla para o mantemento e limpeza das praias do concello.

Tendo en conta que nos datos da convocatoria establécese que o importe da subvención poderá oscilar entre un mínimo de 6.768,00€ e un máximo de 33.840,00€ para gastos de contratación de persoal durante os meses comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2024 ata un 100% do orzamento subvencionable.

Tendo en conta as limitacións á contratación laboral para o Concello, ante a posibilidade de realizar contratación externa. Vista a oferta presentada pola empresa “Servizos dos concellos galegos” para a prestación do servizo de limpeza de praias con 4 peons/peoas a media xornada durante 3 meses e cun orzamento sen IVE de 14.996,85€ sen IVE (10%) de 16.496,54€

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Iniciar o expediente de solicitude de subvención á Excma. Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria do “Programa MA100, de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da Provincia da Coruña, durante o exercicio 2024”, publicada no BOP número 194 do 10 de outubro de 2023. O custo, segundo a oferta presentada da contratación dunha cuadrilla de 4 peóns a media xornada durante un prazo máximo de 3 meses comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2023, sendo o importe o seguinte:

	Retribución 3 meses
Base	14.996,85€
IVE (10%)	1.499,69€
TOTAL	16.496,54€

**Terceiro.-** Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita Convocatoria.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 578/2023 DO 20.11.2023 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2024**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 578/2023 de data 20.11.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2024**



Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2024, publicadas nos BOP núm. 194 de 10 de outubro de 2024.

Visto que nas bases do referido Programa se establece que se financiarán os gastos dende o 01 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024 e a cuantía máxima a subvencionar será de 20.000 € e a mínima de 10.000€.

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2023.

Para o mantemento da Informadora turística municipal a xornada completa cuxo custo anual como persoal laboral fixo ascende a:

Ocupación	GC	Núm.	Retribución anual total	Seguridade Social	Total Custo
Inf. Turismo	2	1	27.917,02€	9.767,45€	<b>37.684,47€</b>

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 580/2023 DO 20.11.2023 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2024**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 580/2023 de data 20.11.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2024**

Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal Técnico deportivo nos Servizos municipais de Deporte en 2024, publicada no BOP núm. 194 de 10 de outubro de 2023.

Visto que nas bases do referido Programa se establece que o importe de subvención será un máximo de 10.000 euros no caso de contratación de persoal con titulación de formación profesional a xornada completa.



**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público

**Segundo.-** Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido a concellos e entidades locais para mantemento ou contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2024, publicada no BOP núm. 194 de 10 de outubro de 2023.

**Para a contratación dos servizos de persoal técnico deportivo coa titulación de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, que preste servizos a xornada completa e a través dunha empresa durante 6 meses ao 100% da xornada:**

	TOTAL BASE	IVE 21%	TOTAL
6 MESES	14.970,34 €	3.143,77€	18.114,11€

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 604/2023 DO 29.11.2023 DE APROBACIÓN DA FACTURA E CERTIFICACIÓN DE OBRA DO CONTRATO DE CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA NA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 604/2023 de data 29.11.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA FACTURA E CERTIFICACIÓN DE OBRA DO CONTRATO DE CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA NA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA**

**Expte. 2023/C005/000004**

D. \_\_\_\_\_), con NIF \_\_\_\_\_, en representación de SAPEL RENOVABLES, S.L., con C.I.F. núm. B27838655, adxudicataria do contrato denominado “Cambio de caldeiras de gas por biomasa na piscina municipal de Cedeira”, presentou a seguinte documentación con data 28.11.2023 (R.E. 2023/999/2478):

- Certificación de obra núm. 1-final de data 28/11/2023 polo importe de 84.821,00 €

Consta no expediente a Acta de recepción formalizada con data 29.11.2023.

A factura correspondente á certificación de obra núm. 1, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con núm. de rexistro de facturas F/2023/3321, de data 29.11.2023, núm. de factura 2023 59, correspondente á certificación núm. 1-final do contrato denominado “Cambio de caldeiras de gas por biomasa na piscina municipal de Cedeira”, por importe de 84.821,00 €.



Con data 29.11.2023 emitiuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada.

Unha vez vista a documentación que se cita, RESOLVO:

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2.- Aprobar a certificación de obra núm. 1-final do contrato denominado “Cambio de caldeiras de gas por biomasa na piscina municipal de Cedeira” polo importe de 84.821,00 € e a correspondente factura do mesmo importe.

3.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

4.- Declarar o cumprimento da finalidade para a cal se asignaron os fondos correspondentes á subvención concedida ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, publicada no DOG núm. 34 do 17 de febreiro de 2023.

5.- Remitir á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

6.- Notificar este acordo a SAPEL RENOVABLES, S.L., empresa adxudicataria, e ao director da obra.

7.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

8.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 613/2023 DO 05.12.2023 DE PARTICIPACIÓN EN LA SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO INTEGRAL DEL AGUA EN VARIOS CONCELLOS GESTIONADOS POR VIAQUA AL AMPARO DE LA SEGUNDA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES (2023) EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA (PERTE DE DIGITALIZACIÓN DEL CICLO DEL AGUA), EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 613/2023 de data 05.12.2023, que di:

#### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: PARTICIPACIÓN EN LA SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO INTEGRAL DEL AGUA EN VARIOS CONCELLOS**



**GESTIONADOS POR VIAQUA AL AMPARO DE LA SEGUNDA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES (2023) EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA (PERTE DE DIGITALIZACIÓN DEL CICLO DEL AGUA), EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA**

Examinado el expediente nº 2023/A003/000018 tramitado al efecto, vista la documentación obrante en el mismo; y de conformidad con la Orden TED/919/2023, de 21 de julio, por la que se modifican las bases reguladoras de la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia; y se aprueba la segunda convocatoria de subvenciones (2023) (en adelante, la “Orden TED/919/2023” y la “Orden TED/934/2022”, respectivamente),

Vista la solicitud presentada por VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U., concesionaria del contrato de explotación de los servicios municipales de abastecimiento de agua potable y red de saneamiento del municipio de Cedeira a los efectos de concurrir a la citada subvención, para lo que adjuntan Memoria y Presupuesto de las actuaciones destinadas a mejorar la eficiencia en la gestión del ciclo urbano del agua mediante la sensorización y digitalización de las distintas instalaciones existentes en el municipio, como proyecto de digitalización que incluye a varios municipios, comprendiendo todas las actuaciones en un único documento donde se integran los concellos de As Pontes, Bergondo, Cedeira, Ortigueira y Viveiro.

En uso de las atribuciones que me atribuye la normativa vigente,

**RESUELVO:**

**Primero.-** Avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse las circunstancias recogidas en el art.10 de la Ley 40/2015 de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público.

**Segundo.-** La participación de esta Corporación Local en el procedimiento de subvención regulado por la Orden TED/919/2023 y la Orden TED/934/2022 y por consiguiente la aceptación y sumisión al mismo tal y como está regulado.

**Tercero.-** La ejecución, dentro del ámbito territorial de esta entidad local, de las actuaciones subvencionables identificadas en la tabla siguiente:

**CEDEIRA**

4.1 Actuaciones tipo A	
4.1.1 A1. Planes de sequía .....	9.850,00
4.1.2 A2. Planes de vigilancia sanitaria, calidad del agua .....	13.850,00
4.1.3 A3. Planes de saneamiento .....	60.011,28
4.1.6 A6. Estudios de diagnóstico y control de fugas .....	12.790,00
4.1.7 A7. Estudios hidrogeológicos, planes directores de abto en alta y...	23.971,50
4.1.8 A8. Modelos, cartografía, topografía, BIM, gemelos digitales, pr...	119.251,36
Total 4.1 Actuaciones tipo A .....: 239.724,14	
4.2 Actuaciones tipo B	
4.2.1 B1. captaciones y tomas en alta .....	119.653,37
4.2.2 B2. sistema de abastecimiento	
4.2.2.1 Telelectura de contadores domésticos .....	135.859,20
4.2.2.2 Digitalización del sistema de tratamiento de agua potable. ETAP...	99.939,86
4.2.2.3 Digitalización de los depósitos de agua potable .....	39.237,17





4.2.2.4 Digitalización de la red de abastecimiento .....	72.101,20
Total 4.2.2 B2. sistema de abastecimiento .....	347.137,43
4.2.3 B3. sistema de alcantarillado y depuración	
4.2.3.1 Digitalización del sistema de tratamiento de aguas residuales ....	76.433,26
4.2.3.2 Digitalización de la red de saneamiento .....	2.500,60
Total 4.2.3 B3. sistema de alcantarillado y depuración .....	78.933,86
4.2.4 B4. digitalización de los puntos de vertido .....	
4.2.4 B4. digitalización de los puntos de vertido .....	2.314,00
4.2.5 B5. obras complementarias (excluye renovación de redes) .....	7.800,00
4.2.6 B6. sistemas de comunicaciones .....	5.800,00
Total 4.2 Actuaciones tipo B .....	561.638,66
4.3 Actuaciones tipo C	
4.3.1 C1. portales web, transparencia .....	16.450,00
4.3.2 C2. sistemas de explotación de la información .....	88.745,00
Total 4.3 Actuaciones tipo C .....	105.195,00
<b>Total 4 CEDEIRA .....</b>	<b>906.557,80€</b>

Las citadas actuaciones subvencionables se encuentran identificadas en el proyecto de Digitalización del Ciclo Integral del Agua en Cedeira presentado por VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U., para concurrir a la subvención regulada por la Orden TED/919/2023, de 21 de julio, por la que se modifican las bases reguladoras de la Orden TED/934/2022, de 23 de septiembre, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas por concurrencia competitiva para la elaboración de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua y la primera convocatoria de subvenciones (2022) en concurrencia competitiva de proyectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua (PERTE digitalización del ciclo del agua), en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia; y se aprueba la segunda convocatoria de subvenciones (2023).

**Cuarto.-** A los efectos de llevar a cabo las mencionadas actuaciones que forman parte del Proyecto y de garantizar el sostenimiento económico de las mismas, se ha acordado que la parte de las actuaciones que no resulte subvencionable se financiará con cargo a las modificaciones presupuestarias que procedan.

En cualquier caso, la financiación de la parte no subvencionable de las actuaciones incluidas en el Proyecto quedará condicionada a la obtención de la resolución del organismo concedente de las ayudas y a su concreto contenido.

**Quinto.-** Dar cuenta de la presente Resolución a la Junta de Gobierno Local en la próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Gobierno Local dáse por enterada.

**17. ASUNTOS VARIOS**

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Gobierno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

**17.1 LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000030**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.12.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 11.12.2023, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000030**

<b>OBXECTO:</b>	Construción de Edificio de 28 vivendas.
<b>PROMOTOR/A:</b>	Cedeira Apartamentos S.L.
<b>EXPTE. RELACIONADO:</b>	2022/X999/0001000 (Estudo de detalle)
<b>CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:</b>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	Solo urbano consolidado.
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	-----
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	2.776.536,36 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Proxecto básico refundido de vivendas en Travesía da Praia. Data documento: Xullo 2023.
<b>TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:</b>	Diego Pérez Bargiela, arquitecto Colexiado COAG 3.447
<b>TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS:</b>	Diego Pérez Bargiela, arquitecto Colexiado COAG 3.447
<b>DIRECTOR EXECUCIÓN:</b>	Daniel Tudó Anta, arquitecto técnico Colexiado COATAC 1.811
<b>COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Daniel Tudó Anta, arquitecto técnico Colexiado COATAC 1.811
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUCCIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	Resolución de autorización da Dirección Xeral de Urbanismo, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, de data 28.11.23 (Expte.: A-2023/144)
<b>NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:</b>	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
<b>CESIÓN VIAIS:</b>	Documento asinado con data 04.12.2023 (85,61 m <sup>2</sup> )
<b>CONDICIONADO:</b> (segundo o informe técnico de data 01/12/2023)	<b>CONDICIÓNS PARTICULARES:</b>  LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA:  A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de achegar:  -Para o inicio das obras será necesaria a presentación e comprobación do proxecto de execución completo (Tódalas fases)  - Cumprirase o condicionado das autorización/s sectoriais  <b>CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020</b>

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal en data 01.12.2023.
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 11.12.2023.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 01.12.2023.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:53 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ